

BANDO

Comunícase a todos os interesados a realización do **campamento de conciliación verán 2024** dende o 1 de xullo ata o 30 de agosto de 2024.

Personas beneficiarias: Nenos de 3 a 12 anos.

Requisitos:

- Que o neno ou algún dos proxenitores estean empadroados no Concello de Sandiás. Poderán presentar solicitudes quen non reúna o presente requisito pasando a formar parte dunha lista de reserva para o caso de que queden prazas sen cubrir.

Prazo de solicitudes: Dende o 14 ó 26 de xuño ambos dous incluídos.

Documentación:

- a) Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor legal.
- b) Certificado de empadroamento conxunto da unidade familiar.
- c) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio, ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e/ou do convenio regulador de ser o caso.
- d) Certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política social de ser o caso, ou outro documento que o acredite.
- e) Copia da declaración da renda das persoas físicas do exercicio 2022, que compoñan a unidade familiar.
- f) Copia do certificado de retencións do ano 2022, no caso de non presentar a declaración da renda.
- g) Certificado de traballo que xustifique a situación laboral do pai e da nai dos

meses de xullo e agosto.

h) Copia da alta no Réxime especial de traballadores por conta propia ou Autónomo.

i) Copia do título de familia numerosa expedido pola Administración competente.

j) Informes médicos de ser o caso.

Outra necesaria para a valoración da solicitude con carácter prioritario e a que se especifique na solicitude.

2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Prezo Público

- Período do 1 de xullo ó 31 de xullo.....60 euros

- Período do 1 de agosto ó 30 de agosto,.....60 euros

- Ambos períodos.....100 euros

- Desconto do 50% para o segundo irmán e posteriores.

O ALCALDE

Asinado dixitalmente á marxe.